Comité Intercentros
Universidade de Vigo

Teñen chegado, a este órgano de representación, queixas dalgúns traballadores e traballadoras que contratados para facer substitucións non teñen oportunidade de coller os días que lles corresponden por vacacións ao incorporarse, de xeito imprevisto, a persoa que substituían e rematar, polo tanto, a súa relación contractual coa empresa.

Parece xusto que quen remata o contrato laboral que mantiña coa empresa e non tivo dereito a gozar dos días de vacacións que lle corresponden teña dereito a unha indemnización económica proporcional ao tempo de prestación de servizos, pois de non ser así se produciría un enriquecemento inxusto a favor da Universidade.

Este dereito, polo demais, está recoñecido no Convenio núm. 132 da Organización Internacional do Traballo, publicado no BOE de 5 de xullo de 1974, que no seu artigo 11 proclama que *"toda persoa empregada que houbese completado un período mínimo de servizos (...) terá dereito, ao rematar a relación de traballo, a vacacións pagadas proporcionais á duración do servizo polo que non teña recibido aínda vacacións, a unha indemnización compensatoria ou a un crédito de vacacións equivalentes".* Este Convenio é de aplicación directa ao formar parte do ordenamento xurídico do Estado Español dende a súa publicación oficial (artigo 96.1 da Constitución [RCL 1978/2836 e ApNDL 2875]).

Por todo o exposto, o Pleno do Comité Intercentros, na súa reunión celebrada o 21 de outubro de 2004, acordou esixir á Universidade que cumpra coa legalidade e recoñeza este dereito aos/ás traballadores/as afectados/as. Así mesmo, o Pleno solicita que o dereito a gozar de vacacións non se acumule, dun contrato para outro, no caso do persoal eventual que, ao formar parte dunha lista de agarda, se lle presume a posibilidade de volver a ser chamado para traballarna empresa.

Vigo, 28 de outubro de 2004.

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO